

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 2341 (10/PNC-000242)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o mantemento polo Goberno galego do servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense nas condicións de prestación actuais, así como a garantía do mantemento dos postos de traballo do persoal que presta servizos nel e, se é o caso, o seu incremento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016
- 1.2 47098 (10/PNC-003798)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019
- 1.3 49695 (10/PNC-004018)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas vacantes producidas no Sergas desde o ano 2009, a publicación do seu cadro de persoal e a situación de precariedade laboral que padece o colectivo de enfermaría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 1.4 51742 (10/PNC-004136)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019

- 1.5 51767 (10/PNC-004141)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para rematar coa precariedade laboral en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019
- 1.6 52214 (10/PNC-004166)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención da transmisión do VIH e doutras enfermidades de transmisión sexual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 502, do 10.07.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2341(10/PNC-000242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego do servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense nas condicións de prestación actuais, así como a garantía do mantemento dos postos de traballo do persoal que presta servizos nel e, se é o caso, o seu incremento

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

En abril deste ano o Grupo Socialista xa denunciara a intención do Sergas de desmantelar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de cociña tradicional, para implantar un modelo privatizado denominado de “liña fría”. Este cambio suporía que se cociñaría unha soa vez á semana, para arrefriar esta comida despois gardándoa en bandexas nunha cámara de conservación a menos de 4 graos sen conxelar, para posteriormente requentalala no momento de servila.

Na ampliación do CHUOU situarase unha nova cociña, mais ata o de agora ademais do retraso na súa posta en funcionamento, descoñécese o sistema que se vai empregar na mesma así como o persoal que se vai a encargar de dito servizo.

Non existe neste momento unha demanda para revertir agora o modelo de cociñas, máis ben todo o contrario, este modelo xa se implantou no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo provocando numerosas queixas dos usuarios e usuarias e do persoal sanitario. Segundo teñen denunciado dende a implantación deste servizo no novo hospital privado de Vigo posto en marcha polo Goberno do PP, a comida que se lles está servindo aos doentes chega fría ou queimada, a regulación do sistema falla, e o estándar de calidade sobre os niveis coñecidos ata o de agora baixaron.

Ademais da diminución na calidade que suporía a privatización deste servizo, incrementaríase o custo do mesmo, e poñeríase en risco os postos de traballo do persoal que na actualidade se ocupa destas tarefas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 11:16
Nº Rexistro: 2341
Data envío: 16/12/2016 11:16:07.185



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta o anteriormente mencionado, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que se manteña o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense nas condicións de prestación actuais, polo que non será substituído en ningún caso por un modelo privatizado de “liña fría”.
2. Asegurar o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente presta os seus servizos na cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, e de ser preciso para a prestación do servizo incluso incrementar o cadro de persoal.

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/12/2016 11:11:13

Raúl Fernández Fernández na data 16/12/2016 11:11:21

Julio Torrado Quintela na data 16/12/2016 11:11:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2016 11:16
Nº Rexistro: 2341



Data envío: 16/12/2016 11:16:07.185



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/12/2016 11:11:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 47098(10/PNC-003798)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47098
Data envío: 28/02/2019 16:11:32.215

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación da atención primaria de Galicia está situada no centro do debate sobre o sistema sanitario público. A dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia, sumada aos problemas cos profesionais dos PAC que levan meses reivindicando unhas melloras necesarias nas súas condicións laborais, e ás queixas habituais de colectivos sociais, profesionais e científicos sobre as decisións e actuacións da Xunta de Galicia, amosan un problema evidente de falta de xestión e de erro nas políticas autonómicas.

Arrastrado polas circunstancias, o Goberno da Xunta de Galicia tentou responder ás demandas dos profesionais e colectivos con medidas apresuradas, que repetían accións xa desenvolvidas en outros momentos temporais e que dificilmente frutificaron en cambios reais. As queixas e demandas dos profesionais, coa intención de mellorar a calidade asistencial, foron sistematicamente esquecidas e ninguneadas nos últimos anos pola Xunta de Galicia, e a situación actual deriva dese ninguneo. Por esta razón, moitos profesionais consideran que non parece útil repetir os mesmos procedementos que non resolveron nada ata aquí.

No momento actual, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, vén de propoñer unha serie de medidas que pretenden “reformular o modelo de atención primaria”. Non en tanto, esta proposta non parece recibir o visto bo dos profesionais, que non ven que se recollan as propostas e ideas que poden contribuir a mellorar de maneira notoria o sistema de atención primaria. As queixas e reivindicacións son diversas, dende a consideración de non ter en conta medidas concretas propostas ata a denuncia dalgúns colectivos de ter sido ignorados (fisioterapeutas ou traballadores/as sociais, por exemplo).

A previsión de Recursos Humanos do sistema evidencia unha elevada perda de profesionais nos vindeiros anos, por cuestión de xubilacións, ao que non se engaden políticas que permitan planificar un relevo xeracional no sistema

CSM-54XQTE=0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47098
Data envío: 28/02/2019 16:11:32.216

sanitario nin a curto, medio nin longo prazo. As propostas sobre accións que reformulen o sistema de funcionamento non teñen o consenso do sector, e xeran un amplo rexeitamento. As necesidades directas e inmediatas non están sendo atendidas. A Xunta de Galicia, non en tanto, ten amosado a vontade de seguir adiante coas súas propostas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a profundar no traballo de concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria, atendendo ás demandas dos colectivos profesionais, especialmente os referidos á dimensión dos cadros de persoal e a calidade das condicións laborais dos traballadores/as do sistema público de saúde de Galicia.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2019 16:09:06

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2019 16:09:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/02/2019 16:09:16



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 49695(10/PNC-004018)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas vacantes producidas no Sergas desde o ano 2009, a publicación do seu cadro de persoal e a situación de precariedade laboral que padece o colectivo de enfermaría

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49695
Data envío: 08/05/2019 16:20:36.729



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

As saturacións que se viven no Servizo Galego de Saúde, son ocasionadas principalmente polas políticas de recortes que afectaron de xeito directo ao persoal, amortizándose prazas e non convocando as correspondentes Ofertas Públicas de Emprego coas prazas que realmente necesitaba e necesita o Sergas, para poder desenvolver unha asistencia sanitaria de calidade, sen ter que sobrecargar de traballo ao persoal.

Ademais, é necesario que exista unha situación de estabilidade no emprego, sobre todo tendo en conta que quen emprega é a propia Administración, polo que debería ser a primeira en dar exemplo de calidade no traballo. Polo contrario, o datos en relación ao tipo de contratación que se leva a cabo son alarmantes, con índices de temporalidade e eventualidade altísimos e profesionais que soamente nun ano encadean máis de 100 contratos.

Un exemplo desta situación é a precariedade que sofre o colectivo de enfermería, que ademais ve como non ten pinta de mellorar, xa que na última Oferta Pública de Emprego anunciada por medio do Decreto 30/2019 do 14 de marzo, as prazas ofertadas son insuficientes para cubrir todas as necesidades de persoal de enfermería que precisa o Servizo Galego de Saúde, apenas chegarían para cubrir as necesidades dun área sanitaria, unha situación que lonxe de fuxir da

CSM-REXISTROZEHICRY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49695
Data envío: 08/05/2019 16:20:36.729



precariedade laboral, afonda máis na mesma e polo tanto, termina afectando á propia calidade asistencial.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Cubrir o 100% das prazas vacantes producidas dende o ano 2009.
- Publicar, os traballadores en activo, diferenciando o persoal fixo e temporal, en cumprimento da lexislación vixente, de xeito que exista transparencia sobre as cifras, a fin de evitar a súa manipulación.
- Aumentar a ratio respecto a enfermería e paciente para igualar a media europea.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49695
Data envío: 08/05/2019 16:20:36.729



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/05/2019 16:14:30

Luis Villares Naveira na data 08/05/2019 16:14:37

CSX:FEYJSTRO6ZejhQRy4
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 51742(10/PNC-004136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa atención primaria

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 12:58:48
Nº Rexistro: 51742
Data envío: 20/06/2019 12:58:48.290

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a situación de deterioro da Atención Primaria.

A Atención Primaria é o primeiro punto de contacto que teñen as persoas co sistema sanitario público, debería dar resposta a todos os problemas de saúde da poboación, independentemente da idade, sexo, situación persoal... e estar composta por equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.

Lonxe disto, o PP ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso d@s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

É necesario máis persoal, a convocatoria da totalidade das prazas vacantes. É preciso que remate coa precarización na contratación. O Sergas ten que facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, senón seguirase como até agora, que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou

CSM - REVISTA TROIEI7/PD/SEXO
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 12:58:48
Nº Rexistro: 51742
Data envío: 20/06/2019 12:58:48.290

marchen fóra. Os contratos de continuidade que sacou a Xunta teñen moi escasa aceptación pol@s profesionais @s que en teoría van destinados.

O Partido Popular está empuxando á Atención Primaria cara o precipicio.

A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal, pola presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente.

Sobrecarga do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas, demoras nas citas de máis dunha semana, de 10 días de media, teléfono desbordado. Todo isto leva a un aumento das persoas que se ven obrigadas a acudir aos PAC para que as atendan, que tamén traballan continuamente baixo mínimos.

Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cambiar o actual modelo fracasado de Atención Primaria por un no que @s doentes sexan o centro e baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Para acadar este obxectivo ínstase a tomar as seguintes medidas:

CSV: REXISTROENT7PRD9ex0
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.

2.- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.

3.- Aprobar as carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria.

4.- Incorporar na Atención Primaria as categorías imprescindibles para prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas.

5.- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.

6.- Aumentar o investimento até chegar ao 25% do orzamento, no inmediato proceder a un aumento de 200 millóns de euros.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 12:58:48
Nº Registro: 51742
Data envío: 20/06/2019 12:58:48.290

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 12:50:04

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 12:50:11

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 12:50:16

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 12:50:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 12:50:30

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 12:50:37

CSX: FEYXSTR0EHT7RD9ex0
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 51767(10/PNC-004141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para rematar coa precariedade laboral en Galicia

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 17:36:13
Nº Rexistro: 51767
Data envío: 20/06/2019 17:36:13.595

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para rematar coa precariedade laboral da clase traballadora galega.

O informe que ven de publicar o IGE sobre a remuneración do factor de traballo na economía galega, en comparación co Estado español e coa Unión Europea, mostra que a clase obreira galega a que das máis prexudicadas polos ataques sufridos en beneficio do capital como as reformas laborais.

Segundo este informe no ano 2009 o peso dos salarios en Galiza representaban o 48% do PIB, pasando a representar o 42.4% no 2018, unha rebaixa de 5.6 puntos en tan só nove anos.

A remuneración da hora efectiva de traballo está en Galiza en 17 euros, mentres na media da UE é de 23.7 euros, é dicir que @s galeg@s cobran de media o 72% da UE. Unha media de 6.7 euros menos, e 2.7 euros menos ca media do Estado.

CSM - REXISTRO DE UNIDADES
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 17:36:13
Nº Rexistro: 51767
Data envío: 20/06/2019 17:36:13.595

Outros datos que reflicte o estudo do IGE é que o 24% d@s galeg@s realizan xornadas laborais por enriba das corenta horas e que se fan fóra da xornada de traballo moitas horas, e no referido á remuneración un 22.1% recoñecen que non son compensados en tempo libre nin economicamente cando realizan horas extraordinarias.

Estes datos móstrannos ás claras como a consecuencia da aplicación de políticas económicas profundamente neoliberais e as modificación lexislativas contrarias á maioría social levan á miles de galeg@s a situacións laborais límites, ao tempo que se está a producir un fraude á Seguridade Social e a Facenda.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar todas as actuacións precisas para que a inspección de traballo actúe para verificar a aplicación do “registro efectivo de xornada” e a lexislación laboral.

2.- A dirixirse ao Goberno español demandando que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 17:36:13
Nº Registro: 51767
Data envío: 20/06/2019 17:36:13.595

reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019.”

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 17:36:13
Nº Registro: 51767
Data envío: 20/06/2019 17:36:13.595

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 17:33:43

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 17:33:52

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 17:33:56

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 17:34:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 17:34:11

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 17:34:18

CSV REGISTRO de LUGO G046
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 52214(10/PNC-004166)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención da transmisión do VIH e doutras enfermidades de transmisión sexual

Publicación da iniciativa, 502, 10.07.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para debate na Comisión 5.^a**, relativa á prevención da transmisión do VIH e de outras ITS.

A prevención da transmisión das infeccións de transmisión sexual forma parte das obrigas do Servizo Galego de Saúde en materia de saúde comunitaria e pública.

Nos últimos tempos diversos países, incluído España, están adoptando pautas en relación á prevención preexposición do VIH ao través do tratamento farmacolóxico co antirretroviral emtricitabina/tenofovir.

O Ministerio de Sanidade ten emitido unha serie de recomendacións en relación ao uso de este medicamento no marco do Plan Nacional contra o Sida, polo que resta saber como se adaptan nas diferentes Comunidades Autónomas.

Sen embargo, a profilaxe medicamentosa do VIH non protexe coma é obvio do resto de contaxio de ITS, polo que é razoable a preocupación en torno ao abandono do uso de preservativos nas persoas ás que se lle poidan prescribir dito tratamento.

Paralelamente, os casos de ITS se multiplican de xeito alarmante en España. Un 26,3% con carácter xeral entre 2013 e 2017, froito en grande medida da relaxación no uso do preservativo nas relacións sexuais. Sendo especialmente a gonorreia a que máis ascende, sobre todo entre as persoas mozas de 20 a 24 anos.

Ante esta situación, **presentamos a seguinte proposición non de lei:**





O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Establecer criterios claros para a prescrición dos tratamentos preventivos en relación ao VIH con emtricitabina/tenofovir en función das recomendacións do Ministerio de Sanidade que queden reflectidos nunha guía clínica.
- 2.- Poñer en marcha un estudo sobre incremento da incidencia das ITS en Galicia e deseñar unha campaña activa sobre o uso de profilácticos dirixida á poboación xeral, pero tamén de xeito específico ás persoas mozas.
- 3.- Levar a cabo un estudo para a financiamento de profilácticos tales coma preservativos e cadrantes de látex.
- 4.- Implantar a oferta de probas rutineiras de despistaxe de outras ITS cando se oferten as do VIH-SIDA.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.



CSV: REXISTRO:CS80C3hw6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 13:33:30
Nº Rexistro: 52214
Data envío: 03/07/2019 13:33:30.876



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/07/2019 13:16:26

José Manuel Lago Peñas na data 03/07/2019 13:16:36

CSX:FEYJSTFRQcS80C3hw6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

